

Primeiro Simposio sobre Prisciliano

Óscar Fernández Refoxo
Presidente da Asociación Cultural O Galo

XA O DICÍA CASTELAO: “Ao fronte de todos vai Prisciliano, o heresiarca decapitado.” O Priscilianismo é un feito histórico de suma importancia tanto para quen o consideran como un herexe do cristianismo, como para quen o considera un herexe do poder político, ou sexa, alguén que non comun-gaba coas ideas estabelecidas polo poder político da época. A Asociación Cultural O Galo organizou o 24, 25 e 26 de novembro de 2006, en Santiago de Compostela, o I Simposio sobre esta figura.

Entre as diferentes abordaxes disciplinares do tema parece haber coincidencia en que a cuestión pode ser abordada desde múltiples visións, a máis estendida até hoxe é a de simple herexe relixioso. Dende o Galo apostaron pola tese de varios analistas, que afonda nun camiño pouco estudado: Prisciliano como herexe político con claras bases populares na Gallaecia, en fin, un movemento socio-político de grande transcendencia.

Na Gallaecia do momento, zona xeográfica mais poboada da península, con certo poder político, social e económico dentro do contexto peninsular, agromaba unha nación. Que papel tivo o priscilianismo en todo isto? Foi ou non, o priscilianismo,



un movemento popular, gallaeciano e cun claro contido social? Porque é o propio emperador Máximo quen toma partida no asunto e decapita en Tréveris aos representantes do priscilianismo? Estaba en xogo ou non o poder político establecido e as estruturas territoriais na península? Os priscilianistas decapitados son traídos a Gallaecia e son venerados durante moitos séculos como libertadores. Máis tarde prohibese tal veneración coa lenda acientífica e ilusionista do enterramento de Santiago. Cal é a historia verdadeira do enterramento da catedral de Santiago? Estamos ou non perante unha das maiores falsificacións da historia realizadas polos poderes políticos e eclesiásticos e cal é a razón? Aproximámonos a este coñecemento faranos máis conscientes da nosa realidade e achegaranos claves sobre o que somos e porque somos como somos colectivamente.

Por moi incríbel que poda parecer, esta é a primeira vez que se organizaba unha actividade dedicada exclusivamente ao estudo dun persoeiro da relevancia de Prisciliano desde perspectivas tan diferentes pero que partillan un obxectivo común: dar a coñecer a unha das figuras con maior

transcendencia da nosa historia nacional.

Esta é unha actividade feita desde o compromiso máis fondo cunha Nación ocultada á forza nas súas características máis visíbeis e contrastábeis, pois para negar a súa existencia obviase que ten historia, marxinase e ocultase a súa lingua, e condenase á súa cultura ao máis absoluto ostracismo.

Deste xeito non é estraño que aos meniños na escola se lles dean a coñecer as gloriosas aventuras lexendarias de Anibal, Viriato, El Cid, Isabel a Católica, Filipo II e un logo etcétera, mentres persoeiros de carne e óso, como Prisciliano, Exeria, Paulo Orosio, San Rosendo, Xelmírez, Afonso VII, Pardo de Cela, Sarmiento, Faraldo, Brañas, Murguía, Rosalía, Curros, e todos os que formaron a denominada polo egrexio Castelao, SANTA COMPAÑA DOS IMORTAIS GALEGOS, deixan de existir nas escolas, institutos e universidades. Mais sobre todo o que pretenden que deixe de existir é a historia construída por todo un pobo ao longo dos séculos e que nos conformou tal e como somos, coas nosas virtudes e defectos, pero nin máis nin menos que calquera outro pobo do mundo.

Reproducimos as seguintes intervencións que tiveron lugar no Simposio; Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Millán Picouto e Francisco Carballo. Tamén participaron no mesmo Anselmo López Carreira, Ramón Chao Rego, Xoán Bernárdez Vilar, Álvaro Rodríguez Resino, Felipe Senén López, Eduardo López Pereira e Ismael González. Recollemos neste Dossier as catro primeiras intervencións ás que agradecemos a súa colaboración, facémolo pois dispoñiamos delas en papel, así como unha aportación posterior –ao fío do debatido no Simposio– asinada conxuntamente por Manuel Vázquez Cabo e Marcos Maceira Eiras, Director e Coordinador respectivamente do Simposio. Agardamos ofrecer –nunha próxima entrega– o resto das colaboracións ■

